

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 4 DE
OUTUBRO DE 2012. Nº 12/2012.**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)

D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.)

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)

D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO (P.P.)

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)

D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)

D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)

D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)

D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)

D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)

D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D^a. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdeG-PSOE)

D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)

D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)

D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)

D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.....páx. 3

2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....páx. 4

3.- Proposta do grupo de goberno (PP) relativa á declaración de especial interese e utilidade municipal dun expediente de obras da asociación ASPADEZA.....páx. 5

4.- Rogos e preguntas.....páx. 6

=====

Sendo as dez horas do día 4 de outubro de 2012, xoves, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*; asiste a Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-

Deuse conta pola **Presidencia** dos borradores das actas das sesións extraordinarias do Concello Pleno dos días 6 e 22 de setembro de 2012. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulle aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren ás mesmas.

Non habéndoa por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar as ditas actas correspondentes ás sesións extraordinarias dos días 6 de setembro de 2012 e 22 de setembro de 2012, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

A continuación o Sr. Secretario indicou que detectados uns erros de transcripción no articulado do texto da **Ordenanza reguladora do procedemento para a concesión de licenzas de obra, licenzas de actividade, comunicación previa e declaración responsable do Concello de Lalín**, aprobado inicialmente polo Pleno Municipal o 30 de xullo de 2012, cumpría a súa corrección, como segue:

1.- Exposición de motivos. Segundo parágrafo. *Onde di: cuantos Debe dicir: cantos.*

2.- ARTIGO 7º.4.c) último apartado queda redactado como segue: “A primeira ocupación das edificacións de nova planta e das casas prefabricadas anteriormente referidas”.

3.- ARTIGO 14.4. *Onde di: situáranse Debe dicir: situaranse.*

4.- ARTIGO 20.1.primeiro parágrafo queda redactado como segue: “A regulación contida no presente título, réxese polas disposicións previstas no mesmo, e polo establecido nas seguintes disposicións:”.

5.- ARTIGO 20.4. *Onde di: “autonómico”.. Debe dicir: autonómica.*

6.- ARTIGO 22.3.a) *Onde di: “Que non se tivese producido...” Debe dicir: “Que se tivese producido...”*

7.- ARTIGO 23.2 *Onde di: “..artigo 7 desta ordenanza..” Debe dicir: “..artigo 7.4.c) desta ordenanza”.*

8.- ARTIGO 25.2.b) *Onde di: “..número 2 do artigo anterior.” Debe dicir: “..número 2 do artigo seguinte:”.*

9.- ARTIGO 25.2. último parágrafo *Onde di: “..no apartado 2 do artigo anterior.” Debe dicir: “.. no apartado 2 do artigo seguinte.”.*

10.- ARTIGO 25. apartado 4. a numeración correcta é apartado 3.

11.- ARTIGO 26. segundo parágrafo, Onde di: “..2.- O titular...” Debe dicir: “..O titular...”.

12.- ARTIGO 26. segundo parágrafo, Onde di: “..elementos fosen...” Debe dicir: “..elementos que fosen...”.

13.- ARTIGO 30.1.c) Onde di: “..directa a tranquilidade...” Debe dicir: “..directa á tranquilidade...”.

14.- ARTIGO 30.2.b) Onde di: “..clara e precisa se relacionen...” Debe dicir: “...clara e precisa, se relacionen...”.

15.- ARTIGO 30.2.g) Onde di: “..sen haber tramitado...” Debe dicir: “..sen ter tramitado...”.

16.- ARTIGO 30.3.d) o seu contido coincide co que figura na letra c), polo que se elimina.

17.- ARTIGO 30.3. O apartado identificado pola letra e) pasa a identificarse coa letra d).

18.- ARTIGO 34.1.g) queda redactado como segue: “O beneficio obtido no seu caso da infracción”.

19.- Por erro a continuación do artigo 34, figura “Artigo 25.- Reincidencia e reiteración. que consta de dous apartados. *Suprímese o artigo así denominado e o seu contido.*

20.- O último artigo do Capítulo Terceiro, “Artigo 26.- Medidas provisionais.” figura por erro co número 26, debe identificarse co número 35: “ARTIGO 35. Medidas provisionais”.

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar as anteditas correccións no texto da **Ordenanza reguladora do procedemento para a concesión de licenzas de obra, licenzas de actividade, comunicación previa e declaración responsable do Concello de Lalín.**

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

3.- EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE E UTILIDADE MUNICIPAL A EFECTOS DA APLICACIÓN DO ARTIGO 6º DA ORDENANZA FISCAL DO ICIO.

Deuse conta pola Presidencia desta proposta do grupo de goberno que conta cos informes favorables dos departamentos de Intervención e de Servizos Sociais. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 1 de outubro de 2012.

Na rolda de voceiros a *concelleira delegada da área de actividade económica, comercio e emprego*, **D^a. María José Batán Mouriño**, explicou o contido da proposta.

Tamén **D. Manuel Gómez Estévez**, edil delegado de facenda, referiuse brevemente á proposta, indicando que se trataba dunha aplicación ao caso concreto das bonificacións recollidas na vixente ordenanza fiscal.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** indicou que votarían a favor da proposta, considerando que era interesante para os usuarios e que os fins da asociación eran

sociais. Non obstante preguntou sobre os resultados do plan Emtra xa que non se sabía nada ao respecto sobre o mesmo:

¿Houbo algunha outra bonificación do ICIO a algunha outra empresa ou entidade?

Desde o grupo nacionalista, **D. Xesús Cordeiro Budiño** adiantou o voto favorable do seu grupo.

Tamén desde o PGD, **D. Camilo Conde López** manifestou a súa disposición positiva coa proposta.

Sometida a proposta a votación ordinaria a man alzada, aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, vinteun concelleiros, sendo, catorce do PP, catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG, e un do PGD.

Xa que logo **aprobose** a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Facenda en base aos seguintes antecedentes:

Con data do 17 de setembro de 2012 (Registro de entrada nº 5909), **D. Antonio Baldonado Baldonado**, actuando en representación da asociación ASPADEZA, solicita do Concello de Lalín a declaración de obra de especial interese ou utilidade municipal para as obras de cerramento de parcela e instalacións para actividades de carácter deportivo ó aire libre no centro ocupacional de diminuídos psíquicos de ASPADEZA, ubicado en Mouriscade, por concorrer circunstancias sociais que xustifican tal declaración aos efectos da concesión da bonificación contemplada no artigo 6º da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras vixente neste Concello.

Xunto co citado escrito achegan os estatutos da asociación, a memoria de actividades desenvolvidas no ano 2011 e a declaración de utilidade pública da Asociación polo Ministerio do Interior; así mesmo, no expediente consta a memoria xustificativa do interese social da obra para a que se solicita a licenza.

Á vista da antedita solicitude, dos informes técnicos emitidos polos servizos municipais e demais documentación que obra no expediente, **O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDOU:**

Primeiro Declarar de especial interese e utilidade municipal as obras de cerramento de parcela e instalacións para actividades de carácter deportivo ó aire libre no Centro Ocupacional da Asociación de Disminuídos Psíquicos de Deza (ASPADEZA), ubicado en Mouriscade (expte. de obras 6939/12), por concorrer no expediente circunstancias sociais que xustifican tal declaración.

Segundo Como consecuencia do anterior, conceder a ASPADEZA unha bonificación do 95% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor da obra descrita para a que se solicita licenza por parte da dita asociación.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.-

De xeito escrito:

PSdeG-PSOE

D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez

1.- ROGO.-

“No Pleno correspondente ó mes anterior, formulouse un rogo relativo a algunhas deficiencias do parque infantil emprazado no entorno da igrexa parroquial, deficiencias que xa foron corrixidas por ese concello con bastante rapidez, o que se agradece por este Grupo Municipal e sobre todo por toda a cidadanía de Lalín que utiliza estas instalacións públicas. Nunha nova revisión do parque atopamos novas deficiencias que pasamos a detallar:

1. Faltan as agarradoiras de numerosos balancíns.
2. Preto do columpio grande hai dúas torres de xogos. Unha delas é moi inestable pois fáltanlle varias tuercas. É urxente a súa reparación.
3. Faltan varios columpios que non se repuxeron.
4. Acumúlase bastante lixo na zona, polo que se precisaría unha limpeza xeral, sen prexuízo da colocación dalgún cartel invitando ás persoas maiores e ós propios nenos a manter limpo o parque infantil.

Solicítase do Grupo de Goberno e da Alcaldía que se atenda este rogo coa mesma dilixencia que o anterior sobre este tema.”

O Sr. Presidente quedou enterado.

De xeito oral durante a sesión:

D. Manuel María González Aller.

1.-PREGUNTA.- En relación coa piscina municipal, e tendo en conta que se fixo o cambio e que entrou en servizo a nova piscina municipal sita nas inmediacións da circunvalación, que se fixeron unhas probas para ver o funcionamento.

Partindo de que a vella piscina que levaba dezanove anos en uso, a pesar de que presentaba algunhas deficiencias, a nova presenta algúns defectos. Así, non hai espazo nin mobles para sentarse e a auga dos vasos esta fría; a auga da outra piscina estaba a unha temperatura máis axeitada.

Doutra banda non hai actividades fóra do uso normal; tamén falta espazo nos vestiarios e a cloración da auga non é a máis axeitada.

O vaso pequeno presenta demasiada profundidade para os rapaces que comezan a nadar de tres anos, chegando ata 1,20 metros.

Coidaba que tampouco era homologable pola Federación Galega de Deportes. Sobre este tema pregunta:

¿Como se atopan esas xestións para determinar se a nova piscina municipal é ou non é homologable pola Federación Galega de Deportes?

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias preguntoulle ao Sr. González Aller foi á piscina para saber todas esas afirmacións.

Contestou o propio o Sr. González Aller negativamente; non obstante a concelleira socialista, D^a Beatriz García Iglesias, afirmou que ela si que utilizou xa a nova piscina, porque era usuaria e comprobou as ditas deficiencias.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

2.-PREGUNTA.- Tendo en conta que os monitores actuais da nova piscina non poden realizar as funcións de socorristas e que os socorristas da piscina exterior xa remataron o seu contrato: ¿Van desempeñar os monitores tamén funcións de socorristas, ademais de dar as súas clases? ou ¿vanse manter os socorristas que xa acabaron o seu contrato ata contar cos

necesarios para o seu funcionamento?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

3.-PREGUNTA.- En relación coa desfeita na pista que vai de Castro a Sestelo e Vilar, parroquias de Botos e Soutolongo. Parece mentira que a un particular se lle esixa que cumpra a normativa urbanística e de protección do patrimonio e que aos representantes municipais non. É imperdoable que a obra desta pista vaia polo medio do Castro, aínda que se paralizase inmediatamente. Quere saber:
¿Quen fixo a obra?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

4.-PREGUNTA.-¿Quen deu a orde de facer esta obra?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

No caso de afectar a responsables municipais a resposta á pregunta anterior, fai o seguinte

2.- ROGO.- Que se esixan as responsabilidades que procedan neste caso.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

3.-ROGO.- En relación coa petición xa formulada hai tempo neste órgano para a colocación de desfibriladores nas instalacións deportivas, e a campaña que está en marcha pola asociación deportiva, lembrou que no caso do Lalín Arena o anterior concelleiro de deportes comprometeuse a colocalo. Pide que o Concello se faga cargo deste tema e sexa o que asuma o seu custe e o adquira o dote ás ditas instalación deportivas co referido aparato.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, afirmou que resultaba imposible que calquera obra feita polo goberno municipal fose recoñecida como ben feita pola oposición socialista.

No tema da piscina sinalou que había unha competición deportiva ao ano, e só para iso había que quentar moita auga; non sendo procedente que se gastase tanto por este único evento anual.

Anticipou que pronto terían os datos sobre o aforro no combustible que representaba a nova piscina municipal e en concreto a caldeira de *pellets*, sobre a de gas inicialmente prevista. Pediu ao grupo socialista que non desprestixiase esta obra para que non acuda e non a use a xente.

Sobre a temperatura amosouse disposto a estudalo-tema, se ben indicou que había dúas temperaturas: unha para cada vaso.

Sobre as alusións aos desfibriladores, dixo que o Concello tiña máis interese que outros no tema. Parecíalle correcta a iniciativa da escola de fútbol de captar fondos mediante un sorteo para adquirir este aparato. O Concello axudaría significativamente e compraría eses boletos. No fondo o que mellor lle parecía era que este aparato estivese en mans e ao coidado da dita asociación, algo que sería mellor que se o adquirise e o colocase o Concello co seu persoal.

Indicou **Dª Beatriz García Iglesias** que tamén na piscina faltaban secadores para o pelo, e mesmo enchufes para conectar os aparatos.

No uso da palabra **D. Manuel María González Aller** afirmou que o Sr. Alcalde dicía moitas mentiras neste tema, que resultaban fáciles de rebater. Nas actas constaba que houbo moitas obras que a oposición socialista aprobou. En cambio cando houbo obras desproporcionadas ou megalómanas como foron a construción do novo Concello ou a construción do Parking Europa rexeitaráronas e opuxéronse.

Sobre o aspecto do aforro enerxético, preguntou:

5.-PREGUNTA.- ¿Canto se aforra coa nova piscina?

Doutra banda dubidaba do custe real da nova piscina e do seu mantemento, porque a aportación do Concello sería de preto de cen mil euros anuais durante vinte anos e en cambio agora a nova piscina tería menos prestacións aos usuarios ca anterior. Facendo números, dixo que resultaría máis rendible manter e reformar a piscina antiga.

Sobre o aforro enerxético, non estaba de acordo.

Tamén afirmou que a piscina que ata agora funcionou estivo moito tempo a traballar pero non se investiu importe algún no seu mantemento e en reparacións da mesma polo Concello. O resultado era o que había agora: unha nova piscina.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** reafirmouse en todo o dito, reseñando que a compra de pulseiras como forma de financiar a adquisición do desfibrilador era positiva, e que o Concello contribuiría a elo.

Tamén ratificou que pronto se vería a redución do custe no tema da caldeira de pellets da piscina, e indicou que o custe de electricidade seguía a aumentar.

P.G.D

Presentados por escrito durante a sesión:

D. Camilo Conde López

1.- ROGO.-

“Segundo se pode comprobar, nas inmediacións dos bares, cafeterías, restaurantes e outras zonas, como o acceso ás áreas comerciais e algunha galería comercial, veñen ofrecendo unha imaxe pouco estética e que atenta contra o medio ambiente referíndome ás cabichas esparcidas polas beirarrúas, xardineiras, etc.

Como solución a este problema teño a ben propoñer (pedir):

Que se sitúen nestas zonas cinceiros, como se ven facendo noutras vilas, o custo, se non se pode asumir, que o asuman os establecementos que o desexen e os que non queiran, de producirse estes feitos, sexan sancionados acorde ós mesmos.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

E, sendo as once horas e cincuenta minutos do mesmo día onde comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente